



Contratos dos novos ingresos **MÁIS XOGO SUCIO DE NAVANTIA**

Repítese o conto: a empresa volveu meter unha cláusula **totalmente inaceptable** nos contratos dos novos ingresos.

Xa pasou hai uns anos cunha cláusula de **mobiliade xeográfica obrigatoria a nivel mundial**, que acabou por ser eliminada.

Agora é moito máis grave: **A DENEGACIÓN OU PERDA DA HABILITACIÓN PERSOAL DE SEGURIDADE (HPS) SERÁ CAUSA DE DESPEDIMENTO.**

Non é ningunha broma, e menos cos ventos antidemocráticos que sopran en Occidente.

A HPS decídeala o CNI. Se mañá un goberno quere facer unha purga ideolóxica, só terá que dar as ordes oportunas. Ciencia-ficción? **Non.**

Durante os gobernos de M. Rajoy, o PP creou unha "policía patriótica" para facer montaxes contra os seus opositores políticos.

Rajoy aplicou recortes durísimos que provocaron unha gran mobilización social (no ano 2012 houbo **dúas folgas xerais**).

En resposta a esa mobilización, o PP aumentou a **represión**: multas, falsas acusacións...

Un exemplo: durante a crise das preferentes, cinco veciños do Baixo Miño (entre eles unha de 82 anos con osteoporose que lle obrigaba a usar andador e outro de 70 anos que padecía cancro) foron multados por "alteración da orde pública" e sometidos a xuízo acusados de saltar un valado da policía.

No outono de 2013, durante a negociación do IV Convenio de Navantia, o intercentros aceptaba cousas como a mobilidade xeográfica obrigatoria ou o despedimento dos compañeir@s a quen lles desen unha incapacidade. Organizada polos traballador@s que despois formarían a **CGT**, en Ferrol houbo unha **rebelión** que impediu asinar ese convenio.

Ó ano seguinte, o CNI negoulle a HPS ó compañeiro Xaquín e o catalogou como un perigo para a seguridade nacional como sospeitoso de **terrorismo, sabotaxe ou espionaxe**.

O CNI non xustificou a súa negativa, pero co estilo habitual das cloacas do Estado, un medio dixital difundiu que "fontes cercanas ó caso" sinalaban a que Xaquín podía espiar para China.

Xaquín demandou ó CNI na Audiencia Nacional e gañou. O CNI tivo que explicarse. Non puido ser máis claro: "[Xaquín] demostrou unha continuada participación en organizacións e grupos que defenden unha estratexia revolucionaria: **de clase, anticapitalista e internacionalista**. Se ben esta participación é **lícita**, considérase discordante coa protección da información".

Ou sexa, unha **represalia** por motivos **ideolóxicos**: "non fai nada ilícito, pero non nos gustan as súas ideas". Así entende a dereita a democracia: abusar do poder para perseguir a quen loita por un mundo mellor.

Se isto pasou no 2014, ¿que podería pasar o día de mañá con este PP de Feijoo cada vez máis trumpista? ¿Ou cun goberno PP-Vox?

*Cuando los nazis se llevaron a los comunistas,
guardé silencio; yo no lo era.*

*Cuando encarcelaron a los socialistas,
guardé silencio; yo no lo era.*

*Cuando vinieron a buscar a los sindicalistas,
no protesté; yo no lo era.*

*Cuando vinieron a llevarse a los judíos,
no protesté; yo no lo era.*

*Cuando vinieron a buscarme a mí,
ya no quedaba nadie que pudiera protestar.*

A dereita europea está tendo unha preocupante **involución antidemocrática**. Tamén a socialdemocracia. Esta cláusula nos novos contratos, ademais de ser un exemplo máis do talante **autoritario** da dirección de Navantia, é **un perigo moi grave** para o movemento obreiro.

O intercentros e os comités dos centros todos deben **ACTUAR**, empezando por bloquear calquera tema que lle interese á empresa ata conseguir eliminar a cláusula.

Os traballador@s non podemos permitir estes **atentados** contra o noso **dereito a organizarnos** para loitar polos nosos intereses **de clase**.

Hai que mobilizarse!

ISRAEL USA A FAME COMO ARMA DE GUERRA

O nivel de **salvaxismo** na agresión a Gaza segue a subir. Os **sionistas** son cada volta máis indistinguibles dos **nazis**.

Primeiro arrasaron a Franxa con bombas. E agora, tras violar a tregua acadada, os fascistas israelís están a aplicar un bloqueo total da axuda humanitaria que condena á fame á poboación.

Que fai a comunidade internacional? **NADA**. Eles, tan dispostos a protestar sempre que un país inimigo comete algún abuso contra un só opositor pro occidental, miran para outro lado ante o sufrimento inhumano que Israel inflixe a 2 millóns de persoas.

O goberno español tamén é **cómplice** do xenocidio por manter os negocios con Israel, a pesar das declaracións en senso contrario.

Non é causalidade que o ministro do Interior sexa o máis interesado. Israel ten moito que ensinar en materia de **represión** a unhas "democracias occidentais" que cada vez atacan máis as liberdades democráticas.

O **15 de maio** é o 77º aniversario da **Nakba**, a expulsión de 700.000 palestinos trala proclamación do estado de Israel a véspera. Están convocadas mobilizacións. **Participa!**

COMPOSTELA	OURENSE
20:30h Praza 8 de Marzo.	20h Subdelegación do Goberno, Parque de San Lázaro, 1.
CORUÑA	PONTEVEDRA
19:30h Obelisco dos Cantóns.	19:30h Hospital Provincial, Rúa Doutor Loureiro Crespo, 2.
FERROL	VIGO
19:30h Praza Vella.	20h Oliveira, Paseo de Afonso XII.
LUGO	
20h Delegación Provincial da Xunta, Ronda da Muralla, 70.	

XOVES 15 ás 19:30 h. na Praza Vella

Industria Auxiliar de Cartagena FORMADA UNHA COORDINADORA

Das tres zonas xeográficas de Navantia, Cartagena é onde os compañeir@s da IA teñen **peores** condicións laborais. Como é lóxico, queren melloralas.

O primeiro paso foi **organizarse**: delegados de distintas compañías formaron a Unión de Empresas Auxiliares (UEA).

O segundo paso foi elaborar unha **plataforma reivindicativa**. Ademais de cousas como o plus do naval, un sistema de descansos compensatorios (TxT), incluír o convenio do Metal nas licitacións ou que o bocadillo sexa tempo efectivo de traballo, a plataforma recolle dúas novidades **relevantes**:



- a) **Recoñecemento da UEA** por parte Navantia. A isto hai resistencias, incluso nos comités da principal.

No anterior mandato, a algúns non lles gustou que a **CGT** cedese o seu posto a un representante da IA de cara a entrevistas co alcalde e actos similares.

- a) **Dereito de subrogación para tod@s**, non só para os traballador@s do mantemento.

O convenio provincial do Metal de Cádiz recolle o dereito de subrogación para o mantemento desde hai anos. Isto axudou a logralo aquí (incluíuse no convenio provincial 2015-19, asinado en 2017).

Os compañeir@s de Cartagena van agora máis aló e piden o dereito de subrogación para **todo o mundo**.

Dúas novidades a ter en conta de cara a **2026**, que toca **negociar** o **convenio provincial** do Metal da Coruña.

O terceiro paso foi que delegados da IA repartiron a plataforma nas portas.

Prazas de ingreso

OUTRA IRREGULARIDADE

En xaneiro publicouse unha praza de Enfermería. Ficou vacante e republicouse o 25 de abril, pero con tres cambios:

- 1) En xaneiro era de Enfermería do **Traballo** e esta **non**. Pode estar xustificado porque hai poucos enfermeir@s da especialidade.
- 2) A praza de xaneiro era **júnior** e esta é **sénior**. Pode estar xustificado porque están moi solicitados e é dubidoso que cos salarios de miseria dos júnior atopen xente.
- 3) O que non está xustificado de **ningunha** maneira é que agora **non** se pida o B2 de inglés. É unha **violación** das Bases vixentes. Entrando na publicación da praza e pinchando na ligazón "[Bases del proceso de Selección: Titulado/a Superior Senior \(Especialista\)](#)", vese que o B2 é un **requisito**, ou sexa, unha **condición necesaria**. E a continuación desa ligazón, unha nota di todo o **contrario**.

En el siguiente enlace: [Bases del proceso de Selección: Titulado/a Superior Senior \(Especialista\)](#) encontrarás los requisitos de acceso, documentación a aportar (obligatoria) y otra información relevante del proceso de selección.

Nota: La acreditación del nivel B2 de inglés no será un requisito indispensable para la cobertura de esta vacante.

Navantia é **pública**. As Bases teñen que ser **respectadas**. E se teñen eivas, hai que cambialas, pero para **todas** as prazas. **Por que esta si e outras non?** Centos de persoas ficaron **fóra** de prazas universitarias polo inglés!

Nestes anos, cando a **CGT** reivindicou melloras en beneficio dos candidat@s, a empresa respostou que as bases eran **corporativas** e, por tanto, **non** podían modificarse a nivel de factoría. Pois xa se ve que, cando interesa por a saber que escuros intereses, si se pode.

A Comisión Local de Emprego é **paritaria**. Así que hai dúas posibilidades: 1) A irregularidade foi proposta pola empresa e aceptada pola maioría dos sindicatos que participan na Comisión. 2) Foi proposta pola parte sindical e aceptada pola empresa (non sería a primeira vez que RRHH comete unha irregularidade a petición dun sindicato amigo).

MAS-CIG e CCOO deben dar **explicacións**.

Apagamento eléctrico Á EMPRESA SÓ LLE IMPORTABA A PRODUCCIÓN

A cousa comezou a iso das 12:40 do luns 28. A empresa convocou un Comité de Emerxencia para as 13:30. Decidiuse suspender a quenda de tarde e ter outra xuntanza ás 18:00 h.

O comité de empresa acordou propoñer que, se ás 6 da tarde o problema non estaba solucionado, había que suspender a actividade desa noite e maila mañá seguinte.

Na reunión das 6, a empresa decidiu anular a quenda da noite e pospoñer a decisión sobre a mañá do día seguinte para as **11 da noite**.

O comité esixiu adiantar a decisión ás 21:00 h., para que houbese tempo a avisar á xente (ás 6 aínda funcionaban moitos móbiles). Con posterioridade á reunión, o director accedeu a adiantala, pero só media hora (22:30). Non serviu de nada porque moitos integrantes do Comité de Emerxencia non souberon do cambio e chegaron tarde.

Nesta reunión nocturna, a proposta da empresa foi celebrar unha nova xuntanza ás 6 da mañá, e se a esta hora había luz, entrar a traballar a partir das 8:30; e se non a había, facer outra xuntanza para estudar a nova hora de entrada. Ou sexa, pretendían que os traballador@s estivésemos na porta pendentes de que eles tocasen o pito. **Impresentable**.

A **CGT** plantexou que sen luz e cunha previsión, a esas horas, de peche dos colexios ó día seguinte (xa na mañá do martes a Xunta comunicou que abrirían, pero houbo moitos que non o fixeron), non se debería traballar porque moitos compañeir@s terían problemas para deixar os fill@s con alguén.

A empresa demostrou unha **total falta de empatía** ante os problemas de conciliación.

A directora de Seanergies, presentada publicamente como exemplo do compromiso feminista de Navantia, dixo que dos fill@s se ocupasen as **nais** ou que a xente se buscase a vida.

E de primeiras, a empresa dixo a compañeir@s que non viñeron traballar, que non tiñan dereito á licenza retribuída por forza maior.

Novamente se demostra que a Navantia só lle preocupa a produción. A pesar dos esforzos **publicitarios** para vender unha imaxe amable, segue sendo tan **rancia** coma sempre.

Respecto á **Industria Auxiliar**, Navantia comprometeuse a que **todos** os traballador@s co-brarían o día.

Se non é o teu caso (porque che descontaron cartos ou che meteron vacacións), ponte en contacto coa **CGT**.

RETOMADAS AS NEGOCIACIÓNS

Esta semana abordouse a **reclasificación profesional**. A empresa segue a plantexar que os cartos saian das **promocións**.

O enguedello montouno **ela** e os cartos para solucionalo ten que poñelos **ela**, que ademais nos últimos anos aforrou dabondo rebaixando a masa salarial.

O intercentros sacou onte un comunicado. Polo menos di algo, a diferenza de comunicacións anteriores que non comunicaban **nada**.

Pero hai unha materia pendente: artellar a **participación** dos traballador@s no debate sobre como debe facerse a reclasificación, un tema **crucial**. Pedir que se envíen correos ó intercentros é **moi insuficiente**.

Que está propoñendo o intercentros en nome de **tod@s**? Deberíamos sabelo e decidilo tamén entre **tod@s**.

A difusión dos **documentos** das negociacións aumentaría a transparencia.

Horas sindicais febreiro

Os pases e as horas sindicais dos delegad@s da **CGT**. No grupo de Teams "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**", tes o **detalle** das actividades de cada delegado, indicando en que gastou as horas e a listaxe completa de pases, incluídos os persoais.

Delegado	Horas	Pases sindicais	Horas
Cristian	8,15		
Diego	119,70	Día 25. Actividades Federación. 8:30-13:39 Día 26. Folga Correos CGT. 9:15-10:30	6,50
Javi	138,70	Día 14. Actividades Federación. 11:00-13:30 Día 26. Folga Correos CGT. 9:15-10:30	3,75
Vicente	4,25	Día 26. Folga Correos CGT. 9:15-10:30	1,25
Xaquín	135,45	Día 26. Folga Correos CGT. 9:15-10:30	1,25
TOTAL	406,25		12,75



Horas sindicais marzo

Os pases e as horas sindicais dos delegad@s da **CGT**. No grupo de Teams "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**", tes o **detalle** das actividades de cada delegado, indicando en que gastou as horas e a listaxe completa de pases, incluídos os persoais.

Delegado	Horas	Pases sindicais	Horas
Cristian	7,00		
Diego	129,45	Día 10. Actividades Federación. 6:00-13:39	7,65
Javi	99,15	Día 5. Folga Correos CGT. 8:30-14:24 Día 24. Concentración Xulgados. 12:00-13:15	7,15
Vicente	2,75	Día 24. Concentración Xulgados. 12:00-13:30	1,50
Xaquín	127,00	Día 5. Folga Correos CGT. 8:30-14:24 Día 20. Actividades Federación. 6:45-14:24 Día 24. Concentración Xulgados. 12:00-14:00 Día 28. Asemblea Fene. 6:45-9:45	18,55
TOTAL	365,35		34,85



Sindicalismo combativo, de clase e asembleario

Para recibir *A Folla*, calquera consulta ou afiliarse:

Móbil e Whatsapp: 623 044 900 | Correo: cgt.fe@navantia.es

CGT